

## Concello de Viveiro

**EXPTE.- 739/2020**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 12 de marzo de 2020 N.º 059, publícase a convocatoria do proceso para a selección de DOUS ADMINISTRATIVOS mediante a modalidade de funcionario interino, encadrado na causa prevista no artigo 10.1.d) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro-TREBEP), e no artigo 23.2.d) da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, xa que as prazas a cubrir, que non forman parte do cadro de persoal, e por exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de 6 meses dentro de un período de doce meses, considerando urxente e inaprazable a necesidade de iniciar o procedemento por acumulación de traballo no referido departamento prioritario do Concello.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas para a selección de DOUS ADMINISTRATIVOS funcionario interino por acumulación de tarefas.

Vista a base 8.1, que sinala “(...)Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.  
A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación...”

Vista a base 8.2, que sinala “(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros...”

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

#### **PRESIDENTE:**

**Titular:** Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

**Suplente:** Don Jose Antonio Álvarez Neira, Director do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

#### **VOGAIS:**

**Titular:** Don Antonio Pernas Pérez, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro.

**Suplente:** Dna. Beatriz Vale Conesa, profesora do Conservatorio de Música.

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

---

**Titular:** Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.  
**Suplente:** Dona María Del Carmen Vale González, Xefa de Negociado de Estadística do Concello de Viveiro.

**Titular:** Don Eduardo Otero Pardo, Informático do Concello de Viveiro.  
**Suplente:** Dona Encarnación Casas Polo, Administrativo de Secretaría do Concello de Viveiro.

### SECRETARIO:

**Titular:** Don Jose Vivero Russo, Xefe de sección de contratación do Concello de Viveiro.  
**Suplente:** Don Antonio Río Rodríguez, Secretario do Conservatorio de Música.

**SEGUNDO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro **o mércores día 28 de outubro de 2020, ás 09:00 horas**, para a súa constitución, elaboración de lista de admitidos e excluídos.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo  
3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

